

TEMA 3. A CRISE DO SÉCULO XVII: ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS E POLÍTICOS

Se o século **XVI** foi un século de expansión territorial e económica, da man dos **Austrias Maiores**, o século **XVII** preséntase como un século de crise xeral, coincidindo co reinado dos **Austrias Menores**, que amosábanse menos capaces ou interesados no goberno e que delegaban polo xeral en **validos***.

Esta crise ou decadencia, que comezara xa a percibirse a **finais do XVI**, deuse en tres ámbitos diferentes: demográfico, económico e político.

A **crise demográfica** consistiu na perda dun millón de habitantes (de 8 millóns pásase a 7), debido a:

- a sucesión constante de **malas colleitas**, o que provocou unha **crise de subsistencia** (fame, carestía);
- varias **epidemias de peste** afectaron á península de forma recorrente durante todo o século XVII;
- as **continuas guerras** provocaron en Castilla (que aportaba soldados) máis mortes e menos nacementos;
- tampouco hai que desbotar a importancia da **emigración cara a América española**;
- e especialmente grave foi a orde de expulsión dos **Mouriscos*** decretada por **Felipe III** en 1609, e que supuxo unha sangría demográfica de 350.000 persoas, especialmente dura na **Coroa de Aragón**, onde eran máis numerosos estes musulmáns convertidos había tempo ao cristianismo.

A **crise económica** tivo a súa base tamén en diferentes causas:

- a **arcaica agricultura** apenas lograba producir alimentos ou manufacturas para abastecer os mercados;
- as **manufacturas**, sobre todo as de **téxtil**, entraron en crise pola suba de impostos, e tamén polo gusto da poboación por tecidos estranxeiros, máis baratos e que eran dura competencia;
- chegaba **menos ouro e prata de América**, e o que chegaba íase en guerras e intereses bancarios xa que pedíanse préstamos á banca estranxeira para poder soste a obsesión imperial e ultracatólica;
- a **Facenda Real**, esgotada polo esforzo de manter un vasto imperio, declarouse sete veces en bancarrota, e as “solucións” elixidas polos **Austrias Menores** non melloraron a situación, xa que alterouse a moeda (facéndoa de vellón ou cobre en vez de prata) o que disparou a inflación.; creáronse máis impostos, que unidos aos que xa había, complicaban máis a situación;e chegaron incluso a venderse cargos públicos, sobre todo en municipios, e ata títulos nobiliarios (que compraban os burgueses máis ricos para así deixar de pagar impostos).
- e hai que destacar tamén a **pobre actitude emprendedora da alta sociedade** (nobreza, clero, burgueses), cuio maior afán era non traballar, vivir das rendas e aparentar o máximo posible unha vida ociosa.

Como **consecuencia** desta crise xeral, os señores feudais responderon aumentando a presión ao campesiñado, para soste o seu nivel de vida; os reis empeñáronse en poñer novos **arbitrios** (impostos), guiados por expertos económicos (arbitristas); e a poboación peninsular comezou a moverse desde as zonas do interior cara as da costa. Precisamente na **Galicia** costeira a recuperación será posible grazas ao cultivo do **millo** e a **pataca**, as dúas novas especies chegadas de América, que permitirán paliar os efectos da crise.

Crise política. Esta crise xeral coincidiu plenamente co reinado de **Felipe IV**, polo que o seu **Valido***, o **Conde Duque de Olivares** (en realidade chamado Gaspar de Guzmán), centrouse en lograr tres obxectivos: mellorar a economía, recuperar prestixio mundial

uniformar os reinos. Así, en **1624**, presentou ao rei o **Gran Memorial**, un informe secreto con varias propostas de mellora, entre as que destacaba a de impoñer as leis de Castilla en todos os territorios do imperio, co obxectivo de lograr a “**Unión de Armas**”*, un proxecto polo que todos os territorios do imperio, e non só Castilla (como viña sucedendo), aportasen tropas e impostos, algo que cada territorio faría de maneira proporcional a seu número de habitantes e á súa riqueza.

Este proxecto provocou un enorme rexeitamento nos territorios non casteláns, provocando en **1640**:

A **Revolta de Cataluña**, que estalou cando varias poboacións néganse a aloxar aos terzos (que se dirixían á zona catalana do **Rosellón**, ao N dos Pirineos, que foran atacados por Francia), chegando incluso ao asasinato do Vicerrei en Barcelona por parte dun grupo de segadores; **Olivares** respondeu cargando co exército e eliminando xa todos os privilexios forais de Cataluña, e as Cortes Catalanais chegaron a poñer Cataluña baixo a autoridade do rei de Francia!, que a ocupou; o conflito remata en 1652, cando **Felipe IV** conquista **Barcelona** e comprométese a respectar os foros, compensando ademais a **Francia** coa entrega daquela zona ao N dos Pirineos: o **Rosellón**.

A **Revolta de Portugal** iniciouse no mesmo ano, co **duque de Bragança** proclamándose Rei, aproveitando precisamente o caos propiciado pola revolta catalana e a guerra contra Francia, e motivado polo rexeitamento aos plans uniformadores de **Olivares**, así como pola pobre defensa que España facía aos ataques de Holanda ás colonias lusas en Asia;

Tras 28 anos de guerra, que en **Galicia** se viviu intensamente nas fortalezas e fronteira do río Miño, **Carlos II** (último Austria) non terá máis remedio que recoñecer finalmente a independencia portuguesa. **Olivares**, considerado culpable destes males, fora xa destituído en **1643**. Porén, o seu plan de uniformar os diferentes reinos da monarquía hispánica sería retomado poucas décadas despois polo que será o primeiro rei Borbón: **Felipe V**.